

M^a del Pilar García Porto, con DNI nº 76577225J e domicilio na rúa Avda. de Pontevedra nº 5 3º A, Antas de Ulla; José Manuel Vázquez Varela, con DNI nº 76575468G e domicilio en Gradoi nº 1, Antasde Ulla e Luis Coucheiro Sánchez con DNI nº 76545448E e domicilio en Santa Mariña nº 43, Antasde Ulla; veciños de Antas de Ulla e membros do Pleno de dito concello,

EXPOÑEN:

Que o día 22/12/12 resultou publicado no BOP o anuncio do Concello de Antas de Ulla polo que se expoñen ao publico as Contas Xerais do Concello de Antas de Ulla correspondentes ao exercicio 2011, aos efectos legais de información e reclamacións previstos no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004. E, dentro do prazo legal dos oito días hábiles posteriores aos quince días hábiles de exposición, mediante o presente escrito interpoñen DENUNCIA contra o manifesto incumprimento da legalidade das referidas Contas Xerais, fundamentada nas seguintes ALEGACIÓNS:

1.- Como todos os membros do Pleno de Antas de Ulla que levan máis de tres anos como concelleiros poden acreditar, e como a Secretaria-Interventora actual pode comprobar, D. Javier Varela Pérez mentiu nos informes que firmou como alcalde-presidente do Concello de Antas de Ulla e presidente do Consello de Administración da sociedade mercantil municipal Empresa de Promoción Integral de Antas de Ulla,S.L, ao dicir que as contas anuais da referida empresa de cada un dos anos 2008, 2009 e 2010 foron aprobadas pola Xunta Xeral (isto é o Pleno do Concello

de Antas de Ulla, conforme establece o artigo 6º dos estatutos da referida empresa), xa que ditas contas xerais nunca foron aprobadas pola Xunta Xeral senón que o alcalde emitiu os informes a título persoal e de xeito individual. Esta falsidade en documento público sobre a incumprida obrigación pola súa parte da rendición de contas da referida empresa municipal (para a que dispuxo fai xa mais de dez anos da cantidade de 241.606,87 euros de fondos municipais), leva consigo á posible ilegalidade das actuais contas sí aprobadas pola Xunta Xeral, cos únicos votos a favor dos concelleiros do equipo de goberno, por estar baseadas estas, e como non pode ser doutro xeito nas dos anos anteriores, que incorrían en presunta falsidade documental tipificada no artigo 390.1.4º do Código Penal.

2.- Ademais na sociedade mercantil municipal Empresa de Promoción Integral de Antas de Ulla,S.L, actúan como membros da Xunta Xeral os membros do Pleno Municipal, entre os que figuran como membros do Consello de Administración tres deles. O alcalde Javier Varela Pérez en calidade de presidente, Alberto Alejandro Varela Varela en calidade de tesoureiro e Robustiano Taboada Frías en calidade de secretario. Neste punto é preciso aclarar que o tesoureiro Alberto Alejandro Varela Varela non é membro do Pleno ao non ser concelleiro electo nas eleccións municipais do 2011, e polo tanto non é membro da Xunta Xeral. Ante esta situación non se levou a cabo ningunha modificación no Consello de Administración da Empresa de Promoción Integral de Antas de Ulla,S.L. Na actualidade continúa sendo o tesoureiro de dita sociedade mercantil e polo tanto membro do Consello de Administración, polo que se podería incorrer no incumprimento dos estatutos da sociedade por non formar parte da Corporación

Municipal e continuar actuando como tesoureiro e en representación e na administración da sociedade.

3.- A rendición de contas á que está obrigado legalmente D. Javier Varela Pérez, tanto no que respecta as Contas Anuais da sociedade mercantil Empresa de Promoción Integral de Antas de Ulla,S.L. como no que respecta ao resto de gastos e pagos municipais, legalmente ten que ir acompañada dos xustificantes que permitan que tanto por parte da Secretaría-Intervención, como dos membros da Comisión Especial de Contas, como dos membros do Pleno e do resto das persoas interesadas se poidan comprobar a corrección ou non das cifras aportadas e dos gastos realizados, sendo doutrina reiterada do Tribunal de Contas (Sentencia da Sala de Xustiza do 26/12/2003), que a rendición de contas debe permitir que quede acreditada a legalidade dos fins aos que se aplicaron os fondos públicos xestionados polo contadante.

Na documentación presentada ao público para a revisión da Conta Xeral, acompañando ás facturas nalgúns casos non se atopou ningún documento acreditativo que xustificara a finalidade dalgúns gastos tales como os que a continuación se expoñen:

OGASA VIALES DE LUGO S.L, dos que se emitiu Orde de Pago pola Alcaldía nos meses de xuño e decembro do ano 2011 por un total de 135 días de traballo de asfaltado, por un importe total que suman as tres facturas emitidas de 8.120,00 euros, sen que por parte dos tres veciños e concelleiros que presentas estas alegacións se apreciara a presenza de dita empresa no concello, nin se poidan documentar os traballos executados de ningún xeito, non se ten constancia nin coñecemento do desprazamento de dita empresa ao concello de Antas de Ulla para a realización de traballos no ano 2011 nin é posible coa documentación aportada

acreditar a finalidade dos gastos.

A empresa Ángel Jesús Fernández Villaravid é a emisora de facturas que suman o importe total de 8.023,08 euros para a obra denominada “Traballos execución obra traída de auga Vilasante – A Regueira, reposición de firmes”, e non se ten coñecemento nin se pode acreditar que esa obra estea rematada nin que fose dita empresa a que iniciou os traballos.

En man de obra e materiais para o mantemento do alumeadado público preséntanse facturas que suman un importe total de 23.760,90 euros. Ditos documentos e os que as acompañan na presentación pública da Conta Xeral do ano 2011 non especifican nin detallan en ningún lugar a finalidade dos gastos executados so co con carácter xeral se citan as horas de man de obra ou os materiais empregados pero nunca se aclara o destino destes gastos, ademais constitúe un gasto elevado e sen precedentes neste tipo de subministros no concello de Antas de Ulla.

Ao non telo feito así, nin o responsable legal de decidir con criterios técnicos axustados á normativa legal os apuntes contables que proceden, que é neste caso a Secretaria-Interventora, está en disposición de coñecer cal foi a xestión dos fondos municipais que fixo Javier Varela Pérez. Realidade esta que ven a recoñecer ao dicir no seu informe que “non realiza unha fiscalización completa de todas e cada unha das operacións que se realizaron no exercicio, senón un exame limitado ás cifras agregadas resultantes dos Estados Financeiros e Contables”, polo tanto a Secretaria-Interventora o único que pode facer é un exame limitado ás cifras agregadas resultantes dos Estados Financeiros e Contables que se lle facilitan polo persoal do concello. Así pois, a legalmente e imprescindible fiscalización pola Intervención da disposición do total dos gastos e pagos dos que se pretende estar

rendendo contas está sen facer, polo que a suposta rendición de contas non é mais que mera e falsa aparencia finxida, dunhas cifras e resumes contables confeccionados, sen pasar polo obrigado sometemento ao criterio contable e fiscalizador de Intervención.

4.- Durante o ano 2011 realizouse a certificación por parte da empresa EXCAMEL S.L. de Melide, de varias obras no concello de Antas de Ulla. Dúas destas adxudicacións consistían na execución dos proxectos do denominado PLAN E da anualidade 2010. En concreto o proxecto denominado “DOTACION DE INFRAESTRUCTURAS, MEJORAS Y CONSERVACION DEL AREA DE ESPECIAL INTERES DE AUGAS”, cunha dotación económica de 186.586,97€, pode incurrir en ilegalidade por sopor a superposición física de proxectos sobre a mesma superficie de terreo, coa finalidade de ocultar o proxecto anterior. Xa que o proxecto anterior denominado “Centro Sostenible de Ecología Aplicada”, cun orzamento de 400.000 euros (que ten aberta unha investigación da Oficina Europea de Loita Antifraude), incluído na Conta xeral de 2008, foi certificado con informes falseadores sobre a validación de gastos e entrada en funcionamento do dito Centro (ao ser estes requisito previo para o cobro da subvención de 300.000 euros percibida) que se emitiron ao marxe de Secretaria-Intervención. O cal pode comprobarse solicitando da Dirección General de Fondos Comunitarios copia dos informes e certificacións presentados polo Alcalde de Antas de Ulla para a xustificación e cobro da subvención de 300.000 euros outorgada para o “Centro Sostenible de Ecología Aplicada” (proxecto RURALIS SP1.P166/03).

5.- Hai que facer constar que, como se dí expresamente no oficio da alcaldía do 24/02/2010 remitido ao Tribunal de Contas, durante a anualidade 2011 e anteriores Javier Varela Pérez manexaba o feito da existencia dunha condena penal firme de suspensión de funcións por un ano contra Francisco Torrente Hortas, funcionario Secretario-Interventor do concello de Antas de Ulla (que, como tamén dí o alcalde, o mesmo Xulgado que a impuxo estaba procurando evitar a execución na práctica, consciente da súa inxustiza de feito) como poderoso argumento de descualificación e chantaxe persoal contra este Secretario-Interventor. Chantaxe cuxa ameaza, ao non poder impedir a fiscalización e a denuncia das irregularidades por él cometidas, fixo finalmente efectiva mediante oficio do día 05/05/2011, mediante o que excita a actuación do Xulgado do Penal, obrigando a actuar a este, cando xa transcorreran máis de catro anos desde a firmeza da correspondente sentenza e faltaba menos de un ano para que prescribira definitivamente a referida condena. A raíz da situación de provisionalidade das persoas que desempeñaron a partir destas datas as funcións de Secretaría-Intervención e co lóxico descoñecemento do funcionamento singular deste concello, en materia económica non se levaron a cabo as pertinentes labores de fiscalización dende a Secretaría-Intervención.

6.-Labores e obriga de fiscalización que tampouco poideron realizar os concelleiros na oposición do Grupo Socialista (PSdeG-PSOE), que en numerosas ocasións solicitaron durante esta anualidade, e outras tanto anteriores como posteriores documentación para controlar a acción do Goberno Local que non lles foi facilitada, tal e como recollen os escritos presentados por rexistro no Concello de Antas de Ulla e como tamén apuntaba

Francisco Torrente Hortas nas alegacións por él presentadas ás contas dos anos 2008, 2009 e 2010.

Antas de Ulla, 20 de xaneiro de 2013

Asdo: Luís Coucheiro Sánchez

Asdo: José Manuel Vázquez Varela

Asdo: M^a del Pilar García Porto